

PLAN TIC 2019/20

TABOA DE CONTIDOS

1. Introducción páx 2
2. Integrantes do grupo de dinamización páx 2
3. Análise dos recursos do centro e as súas necesidades de mantemento páx 3
4. Recursos do centro páx 5
5. Actividades para dinamizar as TIC non Centro páx 7
6. Actividades TIC no curso 2007/08 páx 8
7. Tendencias a seguir nos próximos cursos páx 14
8. Autoavaliación das TIC páx 17
9. Anexos páx 19

1. INTRODUCCIÓN

É importante sinalar que esta memoria non queda rematada ao principio de curso xa que como o seu nome indica é dinámica, e ten que completarse o desenrolarse na súa totalidade ao longo do curso.

O obxectivo fundamental non é levar computadores aos centros, senón convertelos nunhas ferramentas eficaces nas nosas mans para alcanzar un aumento na calidade da educación que ofrecemos á nosa comunidade. É dicir a “integración” das TIC na realidade diaria das nosas aulas. Debémonos esforzar en sacar todas as potencialidades a estas tecnoloxías. O cal supón que teremos que dotarnos dos medios que necesitemos para que o noso labor se vexa apoiado cunha planificación acorde coas nosas necesidades e os nosos obxectivos educativos.

É por iso polo que se require de cada centro que elabore un “Plan de Integración Curricular das Tecnoloxías da Información e a Comunicación”

O destino final deste “Plan de Integración Curricular das TIC” é converterse nunha parte máis do noso PEC e o noso PCC e xa que logo non terá sentido se non é asumido polo centro no seu conxunto como unha parte integrante da realidade do mesmo. Non se espera que se recollan nel grandes aspiracións, nin proxectos “ideais”. Debe ser un reflexo da realidade actual do noso traballo, expresando o que facemos ou podemos facer “agora” e cos medios, a formación e os condicionantes que conforman a nosa realidade docente. Trátase de facer un documento vivo que nos sirva a todos os membros da comunidade educativa de referente da liña de actuación e da forma en que podemos levalo a cabo; que nos facilite integrar as TIC no traballo cos nosos alumnos/as. Debe supor un compromiso por parte de todos, coa vontade de levalo a cabo. Cada un na medida das súas posibilidades e a súa formación actual, pero consideramos moi importante afrontalo con espírito de “traballo en equipo” e colaboración. Abrir a nosa aula á achega do colega, á vez que axudalo-a ou orientalo-a se o precisa, creará un espírito de equipo que fortalecerá o noso centro e afianzará as experiencias que nel podamos levar a cabo. Polo tanto non se está expoñendo grandes retos tecnolóxicos senón a reflexión sobre o uso diario dos medios ao noso alcance.

Outra característica é que o plan das TIC de cada centro será distinto, porque cada un ten unha realidade distinta. As TIC sérvennos para achegarlle aos alumnos de forma crítica todo un mundo de posibilidades informativas e formativas. É fundamental que a integración das TIC na aula chegue a TODOS os alumnos/as, polo que haberemos de habilitar os recursos e medios pertinentes para que se compaxinen o dereito do alumno a recibir unha educación en que as TIC ocupen o seu papel e o do docente a decidir o seu grao de implicación no uso das mesmas. Tamén capacitar para atopar información, manexala, contrastala, elaborala e, sobre todo, ser críticos cos contidos e as fontes. As TIC non teñen que entrar nos centros a substituír a nada nin a ninguén. Hai que usar o computador cando é a mellor ferramenta, para alcanzar uns determinados obxectivos.

2. INTEGRANTES DO GRUPO DE DINAMIZACIÓN

Lola Pazos Vilela

Vicente Suárez Sanjuás

Cristóbal Llano Alonso (Coordinador)

3. ANÁLISE DOS RECURSOS DO CENTRO E AS SÚAS NECESIDADES DE MANTEMENTO

Antes de comezar a desenvolver a dinamización das TIC, debemos ter clara a situación actual destas no centro e as súas necesidades.

Neste momento son varias as fronteas abertas e bastantes os recursos dispoñibles e outro tema é a súa utilización, polo tanto o fundamental neste momento é manter vos recursos e promover o seu uso entre o profesorado e o alumnado.

As necesidades neste momento no centro podémolas dividir en:

Mantemento hardware

Mantemento da Web e melloras da Web.

O mantemento do hardware afectaría a:

- Aulas Abalar
- Aula de informática da ESO / Bacharelato
- Aula de informática de Ciclos I (Administrativo)

- Aula de informática de Ciclos II (Administrativo)
- Aula de informática de Ciclos (Electrónica)
- Aula de Informática da FPB de Comercio e Marketing (Aula Reducida 2)
- Aula de Informática da FPB de Comercio e Marketing (Aula Reducida 8)
- Taller 1 (FPB de Electrónica)
- Taller 2 (FPB de Electrónica)
- Ordenadores dos departamentos.
- Computadores da sala de profesores
- Biblioteca
- Portátiles
- Canóns
- Recursos de administración, conserxería e equipo directivo
- Coordinador FCT
- WIFI

O Mantemento da Web, afectaría á Web e todos os recursos dispoñibles que están a funcionar nesta.

4. RECURSOS DO CENTRO

Aulas Abalar (1-4, 1º e 2º ESO)

- 90 ultraportátiles de alumno (obsoletos)
- 4 portátiles de profesor

Aula de Informática da ESO / Bacharelato

Ordenadores con arranque dual Windows e Linux.

- 18 postos de alumnos.
- 1 posto profesor

Aula de Informática de Ciclos I (A0)

- 30 postos de alumnos (10 obsoletos)
- 1 posto profesor

Aula de Informática de Ciclos II (A8)

- 22 postos de alumnos. (todos obsoletos)
- 1 posto profesor.

Aula de Informática de Ciclos (Electrónica)

- 12 postos de alumnos (todos obsoletos)
- 1 posto profesor

Aula de FPB de Comercio (Reducida 2)

- 12 postos de alumno (obsoletos)
- 1 posto profesor

Aula de FPB de Comercio (Reducida 8)

- 13 postos de alumno
- 1 posto do profesor

Taller 1 Ciclos (Electrónica)

- 6 postos de alumnos. (equipos obsoletos)
- 1 posto profesor.

Taller 2 Ciclos (Electrónica)

1 posto profesor

Ordenadores dos departamentos

Todos os departamentos didácticos teñen polo menos un computador fixo. En tres destes departamentos teñen máis de un (Matemáticas, Plástica, Bioloxía e Física e Química). Son uns 20 ordenadores en total, a maioría obsoletos. O Departamento de Educación Física comparte o seu có Coordinador da Formación en Centros de Trabajo (FCT)

Ordenadores da sala de profesores

4 postos

Biblioteca

- 6 postos de alumnos.
- 1 posto xestión da biblioteca

Ordenadores portátiles:

3 computadores portátiles Lenovo

2 computadores portátiles Dell

3 computadores portátiles Acer

Canóns:

Todas as aulas ordinarias dispoñen dun proxector, PDI e sistema de son.

Tamén o Taller 1

O resto de dependencias docentes teñen ordenador, proxector, son e pantalla de proxección, incluíndo talleres, aulas de plástica e debuxo, biblioteca, salón de actos e sala de profesores.

Recursos de administración, conserxería e equipo directivo.

1 computador en conserxería.

2 computadores en administración (Función de servidores)

Equipo directivo:

1 computador portátil Acer (Director)

3 computadores (Vicedirector, Secretario e Xefe de Estudos)

Coordinador FCT

1 posto (obsoleto)

WIFI

Hai unha rede WIFI instalada pola consellería cunha utilidade moi limitada. Por un lado a súa cobertura non é boa e por outra os puntos de acceso non fan DHCP o que dificulta sensiblemente o seu uso para a conexión de dispositivos móbiles do profesorado.

Medios de impresión en rede

- 1 fotocopiadora KONICA 7255 en rede (conserxería)
- 1 fotocopiadora KONICA 3850 en rede (administración).
- 1 impresora Lexmark T644 en administración en rede (administración)

Modificacións a implementar

Ao longo deste curso teremos que solicitar da Consellería a dotación de novos ordenadores para as aulas de informática de Ciclos da Familia de Administración que son nun 80 % obsoletos.

Haberá así mesmo que reclamar a dotación par o Ciclo Básico da Familia de Comercio e Marketing que está a funcionar cuns equipamentos moi precarios e antigos no 1º curso e tamén dotación de ordenadores para o Ciclo Básico de Electricidade e Electrónica que traballa con máquinas antigas e en mal estado Finalmente neste apartado solicitaremos a renovación de moitos dos switches que forman a rede física do instituto que provocan moita lentitude nos segmentos de rede que conforman.

Aínda que xa se tentou o curso pasado deberíamos prantexarnos seriamente a cuestión de adherir o centro ao programa Edixgal que será o único xeito de que a Consellería renove os ultraportátiles Abalar, que dan máis problemas dos que solucionan

5. ACTIVIDADES PARA DINAMIZAR AS TIC NON CENTRO

Se pretendemos dinamizar o uso das TIC no alumnado debemos dar a coñecer os recursos TIC dispoñibles no centro ao profesorado.

En moitas ocasións o interese polas novas tecnoloxías por parte do profesor e o alumno é inversamente proporcional, a intención dos dinamizadores é incentivar ao profesor a usar este tipo de recursos. Se conseguimos isto co profesor conseguiremos no alumno.

Podemos marcar como primeiro obxectivo facer chegar aos docentes a utilidade destas tecnoloxías como ferramenta pedagóxica e motivadora para o alumno.

Para isto o ideal sería por en marcha un grupo de traballo de incentivación das TIC, de forma que o profesorado adquira unhas competencias nas TIC de forma colaborativa e adaptado a niveis de competencia. Este grupo de traballo tería como obxectivos principais:

Manexar diferentes aplicacións informáticas tanto en Windows como en GNU/Linux, que poidan ter utilidade na aula e para a elaboración de materiais e recursos educativos.

Dar a coñecer a Web do centro e os recursos que ofrece; uso de foros, cursos

electrónicos, documentos....

Acceder a materiais, aplicacións e recursos didácticos a través de Internet.

Conseguir un nivel de competencia do profesor adecuado para a creación de materiais curriculares.

Introducir ao uso dos recursos físicos dispoñibles no centro, aulas de Informática, portátiles, proxectores.

As sesións estarían abertas a todo o profesorado do centro e non soamente aos integrantes do grupo.

No Plan de Formación vai haber unha liña TIC. Este curso vaise tratar o tema da páxina web do centro, e máis concretamente, o emprego e posibilidades que ten a Aula Virtual baseada na plataforma Moodle á que se ten acceso mediante Websdinámicas

Actividades para incentivar ao alumno:

Neste punto incluiremos suxestións que se intentarán poñer en marcha, moitas destas necesitan da voluntariedade e a disposición das persoas polo que non podemos garantir o funcionamento de todas elas.

Facilitarase o uso do material informático da biblioteca durante o horario de apertura desta.

O instituto dispón de aulas Abalar nos dous primeiros niveis de secundaria. Como eses ordenadores funcionan baixo un sistema operativo baseado en GNU/Linux (concretamente Debian) está garantido o coñecemento destes sistemas operativos e o alumnado terá tamén contacto con aplicacións de software libre.

No nivel de primeiro de ESO se oferta dende unha introdución á programación en Scratch, suxerida polo departamento de Matemáticas.

Proporanse actividades para a Tutoría, Atención educativa, Gardas.., para que o alumno adquira competencias relacionadas coas TIC pero que non teñan contidos curriculares

6. ACTIVIDADES TIC NO CURSO 2018/19

Durante o curso imos pasar unha enquisa aos profesores para ter unha primeira orientación do seu interese polas TICS e as súas inquedanzas.

De todas formas nunha primeira toma de contacto pódense comprobar varias carencias que deben de ser atalladas rapidamente. A destacar:

Parte do profesorado recoñece non traballar con correo electrónico ou non lelo de cotío.

Parte do profesorado recoñece non traballar con ningún programa de presentacións.

Parte do profesorado non manexa con total soltura un procesador de texto.

É de destacar que hai algún profesor que recoñece non ter ningunha formación no ámbito das TIC

Para solucionar estes problemas propónse elaborar unha enquisa de utilización e coñecemento das TIC co obxecto de poder planificar mellor a formación do vindeiro curso.

Con obxecto de actualizar de maneira continua estes datos deseñaranse uns anexos para que o profesorado de nova incorporación faga constar as súas necesidades de formación, se é o caso.

No aspecto de inquietudes do profesorado destacar que hai catro suxestións fundamentais que haberá tamén que pór os mecanismos necesarios para solucionar (A través do CFR, Grupos de Traballo internos,...). Pódense destacar:

- Cursos de Ofimática
- Aproveitamento Internet, Deseños WEB, Blogs,...
- Montaxes de Vídeo

7. TENDENCIAS A SEGUIR EN CURSOS PRÓXIMOS

O equipo de dinamización realizará un esforzo para incentivar ao profesorado e ao alumnado ao uso do software libre cunha especial atención aos sistemas GNU/Linux.

Primeiro debemos facer un achegamento a este con grupos de traballo.

En función da acollida que a comunidade teña respecto a este tipo de software intentaremos instalalo en todos os equipos do centro, a parte daqueles da

consellería que xa o teñen instalado.

Guiarase ao profesorado á hora de facer un uso correcto do sistema, e realizaremos un listado con aquelas aplicacións útiles para a aula.

Emisión de documentais relacionados co mundo do software libre.

As ferramentas citadas a continuación son libres ou gratuítas e todas están sendo utilizadas en diferentes tarefas educativas.

Estas ferramentas poden axudar a diminuír o problema das licencias de programas nos centros

Aplicacións que permiten crear contidos curriculares

Existen unha serie de ferramentas, algunhas gratuítas, que permiten a creación de materiais curriculares, das que podemos destacar.

Java Clic: ferramenta moi utilizada na creación de contidos.

Hotpotatoes: permite crear contidos e materiais para a clase

Ardora: é unha aplicación que permite crear actividades en forma de applets de java.

Aplicacións para ser usadas nos ordenadores do centro

Sería necesario incentivar o uso de aplicacións libres ou gratuítas, moitas de calidade e que poden liberar aos centros do peso das licenzas.

Libreoffice :é un programa como o Office de Microsoft pero en formato libre.

Inkscape: permite debuxar vectorialmente, como o Corel Draw, un pouquiño máis modesto

Gimp :esta aplicación permite realizar retoques ás túas fotos favoritas..

NVU y Kompozer dúas versións do mesmo programa que che permitirá crear páxinas Web.

Griffith: catalogador de pelis, obtén os datos das películas de Internet.

Wink:é un programa co que podes crear presentacións nas que se mostra o que fas co ordenador.

Picassa: visor de imaxes de Google, e tamén permite tarefas sinxelas de procesamento de imaxes.

Geogebra: un programa matemático que ten moitas posibilidades dende o punto de vista didáctico

Qcad a versión de proba é plenamente funcional aínda que non é apta para a produción.

MSWLOGO versión gratuíta de WinLogo, ferramenta para iniciar o alumno na programación e no mundo dos autómatas.

Sistemas operativos de uso nos centros

O sistema máis estendido nos centros é Windows e con toda seguridade continuará sendo, polo menos no que se refire a Formación Profesional, porque non parece posible que vaxamos cambiar as preferencias das empresas ás que encamiñamos os nosos alumnos e estamos obrigados a formalos nas ferramentas informáticas que van ter que usar.

Pero tamén é necesario que existan outros sistemas, dos que podemos destacar GNU/Linux. Estes sistemas son moi estables, con licencias de tipo libre e cun apoio dunha comunidade moi importante e nalgúns casos tamén empresarial.

Destacaría entre os sistema Ubuntu que é totalmente libre cunha evolución constante, moi estable e avanzado e co respaldo dunha ampla comunidade de usuarios e desenvolvedores e cun entorno moi adecuado e de fácil uso.

A Web do centro

Os centros públicos en Galicia teñen un espazo destinado a aloxar unha páxina web dentro dun proxecto chamado Websdinámicas no que se instalan unha serie de produtos que facilitan a labor de mantemento da Web baixo unha aparencia bastante profesional e depurada. Estes sistemas de xestión de contidos facilita a labor de administración e permiten que estas tarefas se repartan entre distintas persoas. .

Dicir que algúns produtos coma estes están instalados no servidor da Xunta pero a súa administración e mantemento require certo grao de formación que pode adquirirse vía CFR, na plataforma virtual de formación da Consellería ou solicitando que se inclúa na liña TIC do Plan de Formación do centro.

Exemplos destas aplicacións son

Drupal (Sistema de xestión de contidos CMS)

Moodle (Cursos virtuais por internet)

Copernicus (Sistemas de publicación de galerías de imaxes)

Internet

Parece de especial relevancia destacar a evolución que sufriu a Web nestes últimos tempos (e o estancamento que está a producirse nos centros). A Web 2.0 é unha multiferramenta que nos permite ser parte activa de Internet, formar parte desta intelixencia colectiva, e debemos dala a coñecer aos alumnos, e aprenderlles a que publiquen e difundan as súas ideas e pensamentos. ¿Qué nos ofrece esta nova Web?

Blogs

Pode ser moi interesante que os alumnos ao longo do curso manteñan un blog persoal no que poñan pequenos artigos relacionadas coas actividades desenvoladas durante o curso.

Aulablog e Blogger

Contidos Wiki

Unha forma interesante de facer chegar contidos aos alumnos son as Wikis.

Webquests

Exercicios de busca e investigación en Internet dirixidos polo profesor

Compartición de imaxes e fotografías

É fundamental tamén fomentar o *correo electrónico* no centro, podendo ser utilizado coma forma de comunicación entre o profesor e os alumnos.

Moitos destes recursos poden proporcionar ao alumno unha nova maneira de presentar traballos, mediante a publicación na rede. E esta labor é algo máis que un traballo individual pode ser o froito do coñecemento colectivo que ofrece a Web. E como consecuencia disto debemos formar ao alumno para que se enfrente dunha forma correcta e positiva a esta información que ten e pode ofrecer na Rede.

- Respectando as autorías
- Respectando as licencias dos contidos.
- Sendo críticos coa información.

8. AUTOAVALIACIÓN DAS TIC

Coñecer a eficacia, grao de aplicación, participación, expectativas innovadoras xeradas, resultados reais dos logros conseguidos e dificultades detectadas ou superadas co desenvolvemento do Plan TIC

No Plan de integración das TIC recóllense todas as áreas curriculares e está contextualizado para cada nivel educativo.

Todo o alumnado do centro participa do Plan sen discriminación de nivel educativo, proceso de maduración, dificultades de aprendizaxe, sexo ou calquera outro tipo de discriminación.

Anualmente concrétanse as accións prioritarias do Plan, integrándose estas en a PXA do Centro e sendo coherentes coa liña curricular do PCC e a ideolóxica do PEC.

Contribúe á consecución dos Obxectivos pedagóxicos de cada unha das áreas e ciclos así como ás Adaptacións Curriculares Individualizadas no seu caso.

É considerado por todos e cada un dos sectores da Comunidade Educativa como un recurso didáctico que reforza a aprendizaxe, propicia a adquisición doutros novos e facilita a comunicación e a interculturalidade.

Na elaboración do Plan participa todo o profesorado do Centro.

Está aberto á Comunidade Educativa e localidade.

A xestión do Centro está informatizada.

O plan propicia un soporte básico para a comunicación, intercambio de información e experiencias, e apertura do centro a novas contornas socioculturais.

Favorece e estimula o intercambio escolar de experiencias e informacións con alumnado doutros centros.

Propicia actitudes e valores de respecto aos contidos e formas de ser doutras comunidades educativas promovendo a tolerancia, a non discriminación e a interculturalidade.

Fomenta no alumnado unha actitude crítica e reflexiva sobre os medios de comunicación de acordo ao nivel madurativo en cada caso.

No centro hai un grupo de traballo permanente sobre TIC, que investiga sobre a mellora das posibilidades das mesmas dentro das dispoñibilidades do Centro e necesidades do alumnado.

Existe un arquivo documental de software do mercado e un banco de datos e información dos recursos TIC do Centro.

Conta con recursos económicos suficientes para o correcto desenvolvemento do Plan.

Ten un servizo de mantemento propio.

Promove as accións innovadoras en educación.

O Plan conta cunha persoa responsable da coordinación do mesmo, que dispón de recursos para a súa aplicación e formación continuada

A Comunidade Educativa valora de modo extraordinario o desenvolvemento deste plan e aléntao.

A percepción xeral é que o desenvolvemento deste plan contribúe a mellorar a calidade educativa do centro.

O Plan orienta a formación do profesorado en TIC